WIKIPEDIA

Lingua luxemburguesa

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **luxemburgués**[1] (en luxemburgués *Lëtzebuergesch*, en alemán, *Luxemburgisch*, en francés *Luxembourgeois*) é unha lingua xermano-occidental falada en Luxemburgo. Foi adoptada como idioma oficial en 1984. Fálase tamén en pequenas partes de Bélxica, Francia e Alemaña, así como por algúns descendentes de inmigrantes luxemburgueses dos Estados Unidos e Transilvania, Romanía (Siebenbürgen). Hai uns 300.000 falantes de luxemburgués en todo o mundo.


Pertence ao grupo de idiomas do Alto Alemán, como o alemán estándar. É relativamente doado para un alemán entender a un falante de luxemburgués pero moito máis complicado tentar falalo pola súa influencia francesa.

Por outro lado, o luxemburgués escrito a miúdo amosa unha clara influencia do Alto Alemán na sintaxe e os modismos. O luxemburgués aínda depende moito da normativa gramatical alemá.

Luxemburgués 'Lëtzebuergesch'	
Falado en:	Luxemburgo, Bélxica, Francia, Alemaña.
Rexións:	Europa
Total de falantes:	300.000
Familia:	Indoeuropea Xermánica Occidental Antigo alto alemán **Luxemburgués**
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Luxemburgo
Regulado por:	Conseil Permanent de la Langue Luxembourgeoise (CPLL)
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	lb
ISO 639-2:	ltz (B) ltz (T)
ISO 639-3:	ltz (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=ltz)
SIL:	LTZ

Índice

Comparación con outras linguas



Distribución xeográfica do luxemburgués (raiado).

Luxemburgués	Alemán	Neerlandés	Francés	Galego
Jo	*Ja*	*Ja*	-	*Si*
Nee	*Nein*	*Nee*	-	*Non*
Moien	*Moin* (alemán do norte)	*Hallo*	-	*Ola*
Villäicht	*Vielleicht*	-	-	*Quizais*
Merci	-	-	*Merci*	*Grazas*
Äddi	-	-	*Adieu*	*Adeus*
Schwätzt dier Däitsch?	*Sprechen Sie Deutsch?*	-	-	*Fala vostede alemán?*

Notas

1. Definicións no *Dicionario da Real Academia Galega* (http://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/luxemburgués) e no Portal das Palabras (http://portaldaspalabras.gal/dicionario/procura/luxemburgués) para *luxemburgués*.

Véxase tamén

Outros artigos

- Luxemburgo


Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua luxemburguesa***